



A/A Julio Rodríguez Comesaña

Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia

Pontedeume, 18 de outubro de 2021

Os alcaldes dos concellos de Pontedeume, Bernardo Fernández Piñeiro; Cabanas, Carlos Ladra Lage, e Monfero, Andrés Feal Varela, mantivemos hoxe unha reunión no Concello de Pontedeume para analizar a preocupante situación da atención primaria nos nosos municipios e coordinar accións conxuntas fronte a esta situación intolerable.

Nos tres concellos recollimos nos últimos meses numerosas demandas e reivindicacións dos nosos veciños e veciñas en relación á situación nos centros de saúde e PAC, reivindicacións ás que lle fomos dando cobertura e traslado a través de escritos, mocións presentadas en pleno, etc.

Tendo en conta que está situación non mudou ao longo das últimas semanas, e en aras de garantir unha asistencia sanitaria estable e dotada dos recursos humanos e materiais precisos, desde os concellos de Pontedeume, Cabanas e Monfero preséntanse ante o organismo competente as seguintes peticións:

-Retomar a atención presencial nos centros de saúde de Pontedeume, Cabanas e Monfero, limitando as consultas telefónicas aos trámites para as que foron creadas.

Pontedeume:

-Cubrir de forma definitiva e estable a praza de pediatría de tarde no PAC, evitando os constantes cambios e ausencias na cobertura desta praza que se veñen sucedendo dende hai anos, coas conseguíntes molestias para pais, nais e menores.

-Cubrir de inmediato a baixa do médico de tarde, que se prolonga xa desde hai moito tempo.



Cabanas:

-Renovar as instalacións, anticuadas e sen as consultas suficientes para poder atender á poboación. Necesidade dun ascensor para facilitar a accesibilidade ao servizo de matrona.

-Garantir médicos con praza fixa no centro de saúde para mellorar a asistencia.

-Cabanas comparte os problemas con pediatría de Ponte deume, xa que ambos concellos comparten o servizo.

Monfero:

-Repoñer a praza dun dos médicos no menor tempo posible e de xeito estable, vacante tras unha xubilación. O concello conta cunha soa médica de xeito estable e a outra praza cúbrese de forma provisional dous ou tres días á semana.

Á marxe destas peticións concretas, nos tres concellos somos testemuñas do deterioro da asistencia asistencial, a pesares da gran labor dos profesionais de medicina e enfermería, polo que demandamos de forma urxente unha maior dotación de medios humanos e materiais nos nosos centros de saúde.

Por todo o exposto anteriormente, solicitamos unha reunión urxente con vostede para concretar as medidas reclamadas.

Grazas pola súa atención, quedamos á espera da súa resposta.

En Ponte deume, a 18 de outubro de 2021



CONCELLO
DE **MONFERO**

Asdo. Bernardo Fernández Piñeiro
Alcalde-Presidente do Concello de Ponte deume

Asdo. Carlos Ladra Lage
Alcalde-Presidente do Concello de Cabanas

Asdo. Andrés Feal Varela
Alcalde-Presidente do Concello de Monfero